



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 26-02-2025

Data final de exposición: 28-04-2025

O Porriño, a de de

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA, DA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN DE SECRETARÍA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO ANO 2021.

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO TERCEIRO EXERCICIO, SUPOSTO PRÁCTICO.

O Tribunal, na sesión celebrada o día 19-02-2025, procedeu ao estudo das alegacións presentadas en relación coa publicación da cualificación do terceiro exercicio da oposición, obrigatorio e eliminatorio, consistente en desenvolver por escrito, un suposto práctico, segundo se recolle a continuación:

-Con data 27.12.2024 foi publicado o resultado provisional da cualificación do terceiro exercicio do proceso selectivo, de carácter práctico, para a provisión dun posto de traballo de técnico de xestión (A2) do Concello de O Porriño.

-O Tribunal cualificador propón declarar deserta a praza dado que ningún dos dous aspirantes obtén a puntuación mínima.

-Mediante escrito de 29.12.2024 e número de rexistro de entrada 2024-E-RE-8415, se presentou solicitude de acceso ao expediente e revisión presencial do exame por parte de MANUELA SENDÓN JURJO, CON DNI núm. 78787691H.

-Con posterioridade, en data 06.01.2025 e número de rexistro de entrada 2025-ERE-91, a mesma persoa presenta, dentro do prazo conferido polas bases, unha serie de alegacións contra a decisión do Tribunal Cualificador.

-A persoa alegante ten a condición de interesada no procedemento por canto superou os dous primeiros exercicios do proceso selectivo e realizou o terceiro exame.

Por economía procesual, o Tribunal acorda acumular ambas pretensións e resolvelas de forma conxunta.

As alegacións e as súas contestacións son as seguintes:

1

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eduardo Poboa Fernández (1 para 1)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 26/02/2025
HASH: 344fbbec1e959672f27f80ad2e46bc7



Cod. Validación: AKYN2CXGSHSLARYK34735DKRK
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 1 a 10





Concello do Porriño

- **SOLICITUDE DE ACCESO AO EXPEDIENTE, REVISIÓN PRESENCIAL DO EXAME E RECTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN (alegación que se reitera en ambas solicitudes):**

"De modo principal, solicito acceso ao expediente e copia dos documentos do mesmo, en particular do exercicio realizado e da acta de avaliación do Tribunal coa nota desagregada que me foi outorgada por cada suposto dos que se compón o exame, así como a xustificación da mesma con arranxo aos criterios de avaliación empregados, toda vez que do resultado da cualificación publicada (4,08 puntos) non é posible coñecer a puntuación outorgada a cada suposto, nin a fundamentación da mesma.

Así mesmo, intereso revisión presencial do exercicio realizado e rectificación da puntuación provisional outorgada, en virtude da cal o Tribunal conclúa que o exercicio ten contido e nivel suficiente para acadar, como mínimo unha puntuación de 5,00 puntos, o que determinaría a continuación da opositora no proceso selectivo.

Isto de conformidade aos artigos 13 d), 53.1ª) e 106 e ss da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; artigos 23.2, 103 e 105 b) da Constitución, así como de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo que nos ocupa".

Contra esta solicitude, o Tribunal decide dar copia á solicitante do seu exame e da acta de avaliación, pero non proceder a unha revisión presencial, por canto que estima é suficiente aclarar cales foron os puntos outorgados en cada pregunta:

Sobre o valor estimado dun contrato.

A pregunta se desglosa en tres supostos entendendo o Tribunal que cada apartado se valora en 0,33 puntos.

O primeiro apartado se responde de forma correcta: 0,33 puntos

O segundo apartado se responde de forma correcta: 0,33 puntos.

A súa vez, o terceiro apartado se clasifica en 3 subapartados, estando o primeiro respondido de forma errónea e os outros dous de forma correcta: a nota é de 0,22.

Nota total da pregunta 1: 0,88 puntos.

Sobre as desviacións de financiamento dun gasto con financiamento afectado.

Non se responde á pregunta.

2

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Nota da pregunta 2: 0 puntos.

Sobre o gasto plurianual.

A resposta é correcta.

Nota da pregunta 3: 1 punto.

Sobre as aplicacións orzamentarias.

A pregunta que se formula é cal é a aplicación orzamentaria á que se deben imputar cinco gastos. Para ser correcta, a resposta debe conter o grupo de programa (3 díxitos) e o capítulo (un díxito) respecto de cada gasto.

O tribunal estima que se valorará con 0,10 puntos cada un dos cinco grupos de programas e dos cinco capítulos que se preguntan.

A opositora non especifica ningún dos cinco grupos de programas e responde de forma correcta 4 capítulos.

Nota da pregunta 4: 0,4 puntos.

Sobre o título habilitante.

En base aos criterios establecidos nas bases, o Tribunal considera que a puntuación é de 0,3 puntos.

Sobre a redacción de Convenio para cesión anticipada de terreos destinados a vial:

En base aos criterios establecidos nas bases, o Tribunal considera que a puntuación é de 1,5 puntos.

Puntuación total: 4,08 puntos.

- ***MATERIAS NON INCLUÍDAS NO TEMARIO NIN RELACIONADAS COAS FUNCÍONS DA PRAZA CONVOCADA.***

"O terceiro exercicio do proceso, de carácter práctico, comprende 6 supostos, con unha valoración individualizada (5 supostos con unha valoración de 1 punto cada un e 1 suposto con unha valoración de 5 puntos).

3

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Para o caso de non estimar a alegación primeira, intereso a anulación dos supostos núm. 6 e 2 do exame, polos seguintes motivos, procedendo a unha nova puntuación dos supostos restantes:

1º. *En canto ao suposto número 6 (5 puntos):*

A xuízo da comparecente, o mesmo non responde aos enunciados e contido do temario incluído nas bases que rexen esta oposición e que son vinculantes tanto para o Tribunal como para os opositores.

Así, o PXOM do Concello de O Porriño non se recolle en ningún dos apartados do programa.

Ao exercicio se acompaña a ficha do planeamento da área de reparto sobre a que versa o exercicio, sen embargo, nos apartados do temario non se recolle a normativa reglamentaria específica do PXOM. A única normativa que se inclúe no mesmo é a Lei 2/2016 do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o seu reglamento, polo tanto os aspirantes non se poden acompañar no exercicio de normativa non prevista no temario.

Amáis os temas do programa non son abertos, veñen desagregados nas bases, coa mención expresa dos distintos apartados de cada normativa que será obxecto da oposición e que coinciden con apartados concretos da norma reguladora (Título, Capítulo ou Sección).

Así, a modo de exemplo, e centrándonos na materia urbanística obxecto deste suposto, o tema 45 inclúe: "Principios xerais" que se corresponde co Capítulo I do Título Preliminar da lei 2/2016.

"Clases e categorías de solo" "Aspectos da función urbanística" "Rexíme urbanístico" que se corresponden co Título I da lei 2/2016 e do Decreto 143/2016.

O Tema 46 e 48, "A Intervención na edificación e uso do solo: Licencias e comunicacións previas.." " A Protección da Legalidade urbanística" recollidos no Título IV da Lei 2/2016 e Título VI do Decreto.

Finaliza o tema 48, último tema da parte específica do temario coas "Infraccións e Sancións" en materia urbanística, reguladas na Sección 3ª do Capítulo III (disciplina urbanística) do Título VI.

É dicir, en síntesis, podemos concluir que a materia urbanística incluída no temario abarca os aspectos e principios xerais da función urbanística e o réxime da clasificación do solo (tema 45); a intervención na edificación e uso do solo (tema 46) e a protección da legalidade urbanística (tema 48) cuxos apartados concretos se comprenden nos Títulos Preliminar, I e VI da Lei 2/2016 e o seu desenrolo no Decreto 143/2016.

Ningunha referencia se atopa ao planeamento urbanístico (Título II) nin aos Convenios urbanísticos, os cales teñen unha regulación específica no

4

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: AKYN2CXGSHSLARYK34735DKRK
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesliona.esPublico | Páxina 4 a 10



Concello do Porriño

Título VII da Lei 2/2016 (artigos 165 e ss.) e tamén no Título VII do seu Regulamento.

Sen embargo, o suposto que ten unha valoración moi superior a calquera dos outros incluídos (5 puntos sobre 10) versa sobre estas cuestións que non son obxecto do temario como é o PXOM e os convenios urbanísticos:

"El PXOM del Concello de O Porriño recoge la denominada área de reparto 15 con una superficie de 3.092 m...."

1º) Proceda a redactar CONVENIO URBANÍSTICO EN EJECUCIÓN DEL AREA DE REPARTO 5...."

*Polo exposto, este suposto debe ser anulado pois **nun sistema de oposición as materias obxecto de exposición deben responder sempre aos enunciados e contido do temario**, pois noutro caso xera inseguridade xurídica e indefensión aos aspirantes.*

*O tribunal queda facultado segundo o apartado 16 das bases para interpretar as mesmas e para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nas bases. Así mesmo, será o tribunal o que determine o contido das probas selectivas a realizar nos termos establecidos nas bases. Pero non está habilitado para variar ou modificar o temario da convocatoria, tampouco cando a proba verse sobre temas relacionados pero **non coincidentes**. E neste senso, se ten pronunciado xa a doutrina casacional do Tribunal Supremo, así como o Tribunal Constitucional.*

Por outra banda, tampouco resulta proporcional a puntuación outorgada a este suposto en comparación cos restantes cinco supostos, pois non é esta unha materia que teña un maior "peso" no temario con respecto a outras materias nin se está a convocar unha praza de técnico en urbanismo senon de administración xeral e de nivel medio.

2º. En canto ao suposto número 2 (1 punto) do exercicio:

Igual que no suposto anterior, cabe decir aquí que os exercicios das probas selectivas deberán ser adecuados para xulgar a preparación dos aspirantes en relación coas funcións a desenrolar. A adecuación das probas e as tarefas é un principio xeral a garantir de conformidade coa normativa reguladora do emprego público.

Así, os artigos 49 g) e 56.1 da Lei 2/2015: "En los procesos selectivos se cuidará especialmente la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación al desempeño de las tareas de las plazas convocadas". No mesmo senso, o artigo 61.2 do RDL 5/2015 da Ley do EBEP.

Atopámonos ante un praza de técnico medio de xestión de secretaría (A2) e o nivel de especialización no eido da contabilidade esixida neste suposto, lévanos a pensar que estamos ante unha proba de acceso para ingreso no

5

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: AKYN2CXGSHSIAPYK34735DKRK
Corrección: <https://porriño.gal/portal/validacion-electronica.html>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10





Concello do Porriño

Corpo de Interventores-Tesoureiros mais que ante unha praza de Secretaría de nivel medio".

Polo tanto, se ven a presentar reclamación solicitando a anulación de dúas das seis preguntas do exame ao entender a interesada que a primeira non forma parte do temario do proceso e que a segunda sería propia doutro tipo prazas.

Respecto da primeira,

1º) Las bases de selección determinan que la valoración de la tercera prueba de naturaleza práctica se realizará en función de "RIGOR ANALÍTICO, SISTEMÁTICA Y CLARIDAD DE IDEAS para la elaboración de una PROPUESTA RAZONADA. También en función de la CALIDAD DE LA EXPRESIÓN ESCRITA y mediante el examen de la resolución de las cuestiones formuladas, se observan las siguientes deficiencias:

Desde el punto de vista del RIGOR ANALÍTICO; este es escaso pues se obvian contenido jurídicos básicos en la redacción del convenio urbanístico requerido que no son de complejidad sino de necesario conocimiento en la plaza de gestión que se aspira a proveer. En concreto, se obvia el tratamiento de las obligaciones de las partes que son básicas en el conocimiento de la legalidad del proceso urbanizador y edificatorio como:

-No se recoge el mecanismo de reconocimiento de la futura edificabilidad que le corresponde a los propietarios por la cesión anticipada de terrenos mediante la tramitación y aprobación del expediente de equidistribución que debe relatarse con fundamentación jurídica (que no es precisamente la citada en el examen...). Al no constar ese compromiso por parte del Ayuntamiento lógicamente la propiedad no cederá anticipadamente los terrenos destinados a vial.

-No se recoge la obligación de los propietarios de asumir el coste futuro de urbanización de los terrenos destinados a viario y demás del polígono que no se extinguen por la cesión anticipada de los terrenos. Esta omisión es grave pues el Ayuntamiento no puede asumir el coste de urbanización, debe quedar claro que son los propietarios los que lo deben asumir.

-No se recoge la inscripción en el Registro de la Propiedad del convenio que afecta a la seguridad jurídica del contenido del derecho de propiedad de las partes firmantes y que actúa como garantía del cumplimiento de las obligaciones de ambas partes. Su omisión determinaría la no cesión de los terrenos destinados a vial, Mucho menos

6

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: AKYN2CXGSHSLARYK34735DKRK
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10





Concello do Porriño

se recoge la previsión legal del tal posibilidad de inscripción en el Real Decreto 1093/1997.

-No hay referencia a los procedimientos de parcelación, segregación o innecesiedad de licencia de parcelación de los terrenos cedidos que pasan a ser finca registral independiente cuya tramitación e inscripción en el registro de la propiedad correspondería a la plaza de técnico de gestión objeto de este proceso selectivo .

No se exponen fundamentaciones de cultura jurídica general como la invocación del régimen jurídico de aplicación al convenio urbanístico no solo en cuanto al ejercicio de potestades urbanísticas sino las previstas en otras legislaciones (potestad pública de concertar, pactos, contratos o condiciones (111 TRRL 310 LALGA, Ley 39/2015 ...etc). Nada explica sobre la naturaleza jurídica de bien de dominio público de los terrenos destinados a viario que se pretenden adquirir anticipadamente o sobre la función social de la propiedad que va a obtener el Ayuntamiento para garantizar que exista un sistema general viario que permita la circulación viaria en suelo urbano.

Hay imprecisiones, pues los convenios no entran en vigor hasta que se produzca su firma y no por su aprobación, Hay errores como afirmar que la aprobación es competencia del Pleno sin fundamentarlo (es del Alcalde. No es un convenio de planeamiento. Debe fundamentarse porque).

Se defiende la posible adquisición de terrenos destinados a viario mediante compra cuando son terrenos de cesión obligatoria y gratuita al estar englobados en un una unidad de de ejecución de los que se pretende su adquisición anticipada sin coste para el erario publico.

Todo lo expuesto afecta a la SISTEMÁTICA del convenio que es por lo tanto INCOMPLETA desde el punto de vista ANALÍTICO y las carencias son tan importantes que no podemos considerar que lo redactado sea la PROPUESTA RAZONADA que exigen las bases de selección.

La calidad de la expresión escrita deja mucho que desear por la pobreza del léxico jurídico utilizado que sorprende a pesar de que se permite a los aspirantes utilizar los textos legales; es decir se echan de menos CATEGORÍAS, CONCEPTOS JURÍDICOS y la cita de INSTITUCIONES JURÍDICAS por ejemplo... (proceso urbanizador y edificatorio, aprovechamiento patrimonializable y materializable, futuro proyecto de compensación, distribución equitativa de beneficios y cargas, Sistema general viario, inscripción en el registro de la propiedad)... frente a expresiones como "gozará del aprovechamiento correspondiente...

7

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Al respecto, se ha recordado a los aspirantes la necesidad de ser **CONCISOS** especialmente en la exposición jurídica. No se trata de ser extenso sino **BREVE** y **CONCISO** aportando contenidos jurídicos eficaces en relación a la resolución práctica del supuesto.

2º) En relación con lo alegado por la aspirante respecto de "**Materias no incluidas** en el temario **ni relacionadas** con el temario...".

-A) Considera la alegante que el "PXOM do Concello de O Porriño non se recolle en ningún dos apartados do programa..." y en cuanto que "Ao exercicio se acompaña a ficha do planeamento da área de reparto sobre a que versa o exercicio, sen embargo, nos apartados do temario non se recolle a normativa reglametaria específica do PXOM"... entiende que se están incluyendo materias no incluidas en el temario.

No es este el parecer del tribunal. El contenido del ejercicio práctico se concreta en redactar una PROPUESTA DE CONVENIO URBANÍSTICO PARA LA EJECUCIÓN DE UN ÁREA DE REPARTO. Logicamente, la aspirante no podría redactar una propuesta de convenio urbanístico SINO SE LE APORTA UN SUPUESTO DE HECHO al que referirse. Un supuesto de hecho que comprenda una situación física, una normativa, una problemática jurídica, un ámbito que diferencie clases de suelo, Una administración. Unos sujetos intervinientes... ect. EL tribunal decidió aportar un área de reparto del PXOM de O Porriño como pudo elegirla del PXOM de Vigo o cualesquiera otro Ayuntamiento. Nada se le ha preguntado a la aspirante sobre el PXOM de O Porriño. No se debe confundir la ubicación y demás circunstancias del supuesto de hecho con el contenido del temario.

-B) La alegante expone que después de examinar el enunciado de los temas 45 a 48 del temario y su concordancia con la estructura de la Lei 2/2016 do Solo de Galicia u el Reglamento Urbanístico de Galicia considera la aspirante que solamente estarían incluidos en el temario ... el Capítulo I del Título Preliminar de la Lei ... El Título I de la lei 2/2016... El Título IV de la Lei 2/2016 y el Título VI del Decreto... LA Sección 3ª del Capítulo III (disciplina urbanística) del Título VI. Considera por tanto, que no cabe formular un caso práctico sobre materias de planeamiento urbanístico y convenios urbanístico.

Y es precisamente en esta alegación donde se refuerza la idea del tribunal de que la aspirante no domina los conceptos y categorías jurídicas de derecho urbanístico y se acoge a la estructura de la normativa citada en el temario sin examinar el fondo de la cuestión planteada.





Así, no es un caso práctico de planeamiento como afirma la alegante; nada se le pregunta o exige en materia de planeamiento urbanístico. Es un supuesto práctico que pivota sobre el conocimiento del REGIMEN URBANÍSTICO DE LA PROPIEDAD DEL SUELO previsto en el artículo 45 del temario, es un caso práctico de gestión urbanística encaminado a dar solución a la necesaria, anticipada y pronta obtención de bienes de dominio publico viario de cesión obligatoria y gratuita sin coste para el ayuntamiento recogiendo los derechos y deberes urbanísticos inherentes a los propietarios del suelo cuyo obligatorio cumplimiento debe garantizarse en el convenio.

El convenio urbanístico es el instrumento que vehiculiza y garantiza la asignación y cesión de la propiedad del suelo al Ayuntamiento; por eso existe una pregunta sobre la eficacia del convenio; porque a partir de ese momento es efectiva la adquisición de la propiedad del suelo destinado a viario sin coste para el Ayuntamiento. No se pregunta la teoría general del derecho urbanístico consensual o contractual. No, solo respecto de lo que afecta a la propiedad del suelo. Todo ello, sin perjuicio de que la obtención del suelo destinado a DOMINIO PUBLICO VIARIO también tiene relación directa con el artículo 14 del temario sobre régimen jurídico del DOMINIO PUBLICO que afecta a su adquisición.

El tribunal considera que no hay resolución satisfactoria del caso práctico y tiene la convicción de que la aspirante tiene formación y conocimiento de las materias planteadas pero no alcanza el nivel deseable de conocimiento y solvencia de gestión necesario para proveer una plaza de funcionario de carrera y de gestión que ejercerá este tipo de funciones y actividades en cantidad y con habitualidad.

Respecto da segunda,

O Tribunal entende que se trata dunha pregunta que se encontra perfectamente definida nun dos temas que constan nas bases deste proceso selectivo. O tribunal en ningún momento se encontra limitado á hora de preguntar por aqueles temas que serán de aplicación nun futuro traballo, senón que o límite é o das materias específicas reguladas nas bases; cumpríndose escrupulosamente con esta condición (tema 35).

- INCUMPRIMENTO DA BASE 10ª DA CONVOCATORIA.

“De xeito subsidiario, e no caso de que non se estime ningunha das alegacións anteriores, intereso se proceda á anulación do exercicio práctico na súa totalidade e se proceda a retroaer as actuacións do procedemento, pois segundo a base 10ª reguladora do proceso o terceiro exercicio consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico, cando en realidade se plantexaron 6 supostos claramente diferenciados entre eles.





Concello do Porriño

As bases do proceso son as "regras do xogo", a "lei da oposición" e son plenamente vinculantes para a Administración convocante e aspirantes, na medida en que sean conformes co ordeamento xurídico, e o seu incumprimento vicia de nulidad o acto administrativo."

Respecto a esta alegación, o Tribunal entende que o que mandan as bases é que o terceiro suposto sexa un suposto práctico, non esixindo que se compoña dunha soa pregunta, senón que teña esta natureza, independentemente de que se fagan dúas, tres ou máis preguntas.

Neste caso, se plantexaron 6 cuestións diferenciadas tendo todas elas unha natureza eminentemente prácticas, cumprindo, por tanto, co establecido nas bases.

- *Remata a alegación presentada facendo unha reflexión sobre que esta é a segunda vez que esta praza queda deserta nun proceso selectivo e dicindo que as dúas persoas que chegaron a este último exame aprobaron outros procesos selectivos noutros Concellos.*

Sobre esta alegación, entende o Tribunal que non pode valorar cuestións desta natureza sendo totalmente axeas ao exame que se está a estudar.

De conformidade co acordado polo Tribunal publícanse os anteriores acordos nos taboleiros de anuncios da Sede electrónica e taboleiro físico do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

**Documento asinado dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.
O Secretario do Tribunal.- Eduardo Portela Fernández.**

